

VISITA DE DIEGO AMEIXEIRAS



tor, tamén da súa traxectoria e do seu último libro *O cidadán do mes*, que saíu á venda en febreiro. Prometeunos que este libro, que é a continuación de *Baixo mínimos*, será, se cabe, aínda máis entretido que o anterior.

O máis destacable, poderíamos dicir que é a súa actitude e facilidade de palabra, xa que é unha persoa próxima a nós, con unha forma de ver a vida que, para min, paréceme moi axeitada.

En fin, o importante foi que todo saíu ben, e que o alumnado de 1º de bacharelato, que foi o que estivo alí, o pasou ben por ser unha actividade novidosa.

Tamén temos a esperanza de que volvamos a ter máis visitas deste tipo no IES.

MIGUEL ANXO VARELA ÁLVAREZ.
B1A

Diego Ameixeiras naceu en Loussanne, Suíza no 1976. Licenciado en Información pola Universidade de Santiago, foi colaborador dalgúns xornais. Actualmente colabora como guionista con Continental Producións, e publica artigos en diferentes revistas e publicacións electrónicas.

Baixo Mínimos, a súa primeira novela, foi a obra que lemos @s alumn@s de primeiro curso de bacharelato. Trata da presentación en sociedade do detective privado Horacio Dopico. Neste relato de xénero negro hai unha mestura da realidade e ficción na que Diego medrou, na cidade de Ourense.

Esta é a primeira novela dunha serie na que está traballando. En

febreiro publicou a segunda obra ou parte titulada *O cidadán do mes*, que, segundo Diego, está mellor incluso que a primeira, aínda que iso haberá que velo.

O autor da indubidable "obra mestra" de *Baixo mínimos* visitou o noso centro e pronunciou una conferencia moi entretida. Eu, que non teño moita experiencia, fixen unha presentación e preguntas a Diego, que se comportou moi ben.

Durante a conferencia, o alumnado de 1º de bacharelato estivo escoitando a un home, mellor dito un mozo, que ao noso parecer é un "crack". A conferencia foi divertida e ao mesmo tempo didáctica. Diego falounos da súa obra e da súa carreira como escri-



ENTREVISTA A DIEGO AMEIXEIRAS

Este mes de febreiro veu visitarnos Diego Ameixeiras, un escritor novo ao que lle gusta o xénero negro, e nós entrevistámolo.

- Cando decidiu ser escritor?

- Cando era pequeno, xa que me gustaba moito escribir guións e ensinalos aos meus compañeiros.

- Escribía de pequeno?

- Si, pero só relatos curtos.

- Que opinaron os seus pais cando lles dixo que quería ser escritor?

- Meus pais estaban de acordo, xa que na miña familia teño algún primo que tamén escribe, pero non ten publicado nada.

- Dedícaste a outra cousa á parte de ser escritor?

- Si, estou licenciado en ciencias da información e colaboro nalgún xornal.

- En que se inspira cando escribe?

- Na miña imaxinación e no que me contan os meus amigos, aínda que ás veces se cola algo da realidade.

- En que te baseaches para escribir esta novela negra?

- Baseeime na miña imaxinación; o argumento é todo ficticio.

- Canto tempo che levou escribir esta novela?

- Levoume sobre uns tres meses e maioritariamente escribín de noite.

- Por que escribiches unha novela negra? é porque che gusta este



xénero máis que os outros?

- Non, a verdade é que gustan as novelas que te deixan intrigado, e ata o final non vas saber o que ocorre.

- Hai algún personaxe baseado en ti?

- Non

- Esta novela está baseada nalgún problema que hai na nosa sociedade?

- Non, é ficticia.

- Elixiches ti o título *Baixo mínimos*, por que?

- Si, non sei cando, pero si, porque o personaxe case sempre está bébedo e mal coa súa ex muller.

- Tes pensado escribir máis novelas?

- Si, estou agora escribindo outra que ten case os mesmos personaxes, é dicir, unha novela que é a continuación desta.

- Vai ser outra novela negra?

- Si

- Hai moitas persoas ás que lles gusta escribir, pero que odian ler, es ti unha delas?

- Non, porque a min sempre me gustou ler.

- Cal é o teu escritor preferido?

- Blanco Amor, por suposto.

- Por que escribes en galego sabendo que vai ter menos lectores?

- Porque se escribise en castelán non estaría igual de satisfeito.

- Está o teu libro traducido a outras linguas?

- Non, porque a miña lingua é o galego e prefiro escribir no meu idioma.

- Moitas grazas por estar aquí e por concedernos esta entrevista.

SORAYA E SILVIA. B1C